# AS AVENTURAS DE PELUSA

UNIDADES DIDÁCTICAS

NIVEL ESO

GRUPO DE TRABALLO

**PER LOCA MARÍTIMA**

CURSO 2013-14

IES URBANO LUGRÍS

MALPICA DE BERGANTIÑOS

María Castelo Rey

Mª Josefa Pacoret Balsa

Rocío Romar Roel

Marta Rúa López

# ÍNDICE

## UNIDADE DIDÁCTICA 1. COMPRENSIÓN LECTORA

Ficha 1 ..... 3
Ficha 2 ..... 4
Ficha 3 ..... 5
Ficha 4 ..... 6
Ficha 5 ..... 7
Ficha 6 ..... 8
Ficha 7 ..... 9
Ficha 8 ..... 10
Ficha 9 ..... 11
Ficha 10 ..... 12

## UNIDADE DIDÁCTICA 2. UNIDADES TEMÁTICAS ..... 13

UNIDADE TEMÁTICA 1: PELUSA E A DESCRICIÓN DE PAISAXES ..... 14
UNIDADE TEMÁTICA 2: PELUSA E A FAUNA GALEGA ..... 17
UNIDADE TEMÁTICA 3: PELUSA E AS ESPECIES PROTEXIDAS ..... 20
UNIDADE TEMÁTICA 4: PELUSA E A DEFENSA DOS ANIMAIS.
OS ECOSISTEMAS. ..... 23
UNIDADE TEMÁTICA 5: PELUSA E OS SEUS AMIGOS.
A SOLIDARIEDADE. ..... 26
UNIDADE TEMÁTICA 6: PELUSA E AS LENDAS ..... 29
UNIDADE TEMÁTICA 7: PELUSA E A COSTA, PRAIAS,
TEMPORAIS, PORTOS. ..... 32
UNIDADE TEMÁTICA 8: PELUSA E AS MAREAS NEGRAS ..... 35
UNIDADE TEMÁTICA 9: PELUSA E O RETRATO ..... 38
UNIDADE TEMÁTICA 10: PELUSA E AS ROMARÍAS ..... 41

# AS AVENTURAS DE PELUSA

UNIDADE DIDÁCTICA 1

COMPRENSIÓN LECTORA

GRUPO DE TRABALLO

**PER LOCA MARÍTIMA**

CURSO 2013-14



IES URBANO LUGRÍS

MALPICA DE

BERGANTIÑOS

## FICHA DE LECTURA 1

## As aventuras de Pelusa

Le os capítulos 1 e 2 (páxinas 5 á 14).

1. Quen é Pelusa?_____
2. Que suceso tráxico lle aconteceu? Onde? _____

   _____

3. Que cinco personaxes ou grupos de personaxes interveñen nestes dous capítulos:

   _____

   _____

   _____

   _____

   _____



4. Escribe dous adxectivos que definan, segundo ti a cada un dos cinco personaxes anteriores.

| PERSONAXES | ADXECTIVOS |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

5. Que dúas actitudes contrarias co medio ambiente teñen os humanos, segundo Pelusa? Que opinión tes sobre estes temas?

_____

_____

_____

_____

_____

**FICHA DE LECTURA 2**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 3 e 4 (páxinas 15 á 26).

1. Que personaxes ou grupos de personaxes interveñen nestes dous capítulos.

2. Escribe dous adxectivos que definan, segundo ti a cada un dos cinco personaxes anteriores.

| **PERSONAXES** | **ADXECTIVOS** |
|---|---|
| | |

3. Cales son os dous enigmas que lle bulen na cabeza a Pelusa?



_____

_____

4. Como é a relación de Pelusa ....

| | Ao principio | Despois | Que fai a cadela para gañar a súa confianza? |
|---|---|---|---|
| COA BANDADA | | | |
| CON FELINA | | | |

5. Que actitude humana contra os animais se describe nestes capítulos? Quen a fai? Como reaccionan os animais? Quen salva a situación? _____

_____

_____

**FICHA DE LECTURA 3**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 5 e 6 (páxinas 27 á 37).

1. Escribe catro sinónimos de raposo_____

   _____

2. Explica como é un rabo en chafariz. Con que outra expresión se indica que é o rabo de Buli? _____

   _____

   _____

3. Que andan a facer os paxariños da ramalleira? Con quen? _____

   _____

   _____

4. Escribe os nomes dos dous cans que aprecen no capítulos 5 e escribe como son

| NOME | COMO É? |
|---|---|
| | |
| | |

5. Cales son as razóns polo que o lugar onde se atopa a lagoa non estea colonizado polo home e "segue virxe como saíu das mans de Deus"? _____

   _____

   _____

   _____

6. Que fai o aro Carolo para protexer os seus ovos? _____

   _____

   _____

7. Como cres que é a relación de Papá paxaro cos seus fillos? Explícao apoiándote en fragmentos do texto _____

   _____

   _____

   _____

   _____

   _____

**FICHA DE LECTURA 4**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 7 e 8 (páxinas 39 á 49).

1. Describe como é a evolución dos paxariños.

_____

_____

_____

_____

2. Que relación teñen os animais entre eles?_____

_____

_____

_____

3. Escribe o nome dos personaxes que aparecen. _____

_____

_____

4. Nestes dous capítulos suceden dous terribles feitos que cambiarán a vida de varios protagonistas para sempre. Enche o seguinte cadro coas respostas

| | **FEITO 1º** | **FEITO 2º** |
|---|---|---|
| Que sucede? | | |
| Quen o orixina? | | |
| Como sucede? | | |
| Onde sucede? | | |
| Por que sucede? | | |
| Como reaccionan os animais? | | |
| Cal che parece o máis rexeitable? | | |



**FICHA DE LECTURA 5**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 9 e 10 (páxinas 51 á 58).

1. En que estado se atopa Pelusa?

_____

_____

2. Quen acode no seu rescate e a cura?_____

_____

_____

3. Que lle ocorre a Buli? Que síntomas presenta?_____

_____

_____

_____

4. Ocórrelle o mesmo a Sabuxa?_____

_____

_____

Debuxa como crees que está Buli.

5. Que relación se observa entre os habitantes da fraga e as gaivotas?_____

_____

_____

E a mesma relación que entre os propios animais da fraga? _____ Que diferenzas observas? _____

_____

6. Cal é a relación entre as gaivotas e os araos?_____

_____

7. Considera o autor ás gaivotas como seres agradables?_____En que se nota?_____

_____

8. E aos araos? _____ Por que?_____

_____

9. Con que tipo de persoas ou con que feitos realizados polos seres humanos compararías a actitude ....

DAS GAIVOTAS:_____

_____

DOS ARAOS: _____

_____

**FICHA DE LECTURA 6**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 11 e 12 (páxinas 59 á 69).

1. Que dúas conclusións se sacan da conversa entre Tomás e Xabier?

_____

_____

_____

2. Cales son as medidas que tomaron con Moncho e Xenaro para lograr a súa curación?_____

_____

3. O Santo ao que fai referencia a lectura é un dos máis populares de Galicia. De feito, é raro que non haxa unha imaxe del en todas as nosas igrexas. Escribe as características que se citan del no texto e indaga de que santo se trata. Logo busca información sobre a súa historia e de que é avogado.

| | |
|---|---|
| Nome do Santo_____<br>Información: | Debuxo |

4. Quen pensan que pode ser o personaxe que aparece no capítulo 12?. _____

_____

_____

5. Que relación ten con Pelusa? _____

_____

6. En que forma pode aparecer? Para que?_____

_____

_____

**FICHA DE LECTURA 7**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 13 e 14 (páxinas 71 á 81).

1. Que lle sucede a Malasaña?_____
   _____
   _____
   _____
   _____
2. Quen o salva?_____ Por que o fai? _____
   _____
   Quen lle axuda?_____
3. Escribe adxectivos que expresen como se pode sentir Malasaña antes de ser salvado. _____
   _____
4. Quen pensa a xente do pobo quen salvou a Malasaña? _____
5. Mentres os cans van comer ao matadoiro, que albisca Luva no mar? _____
   _____Como é?_____
   _____Que vai deixando ao seu paso? _____
   _____
6. Escribe o que lle sucede a Luva ordenadamente_____

   _____
   _____
   _____
   _____
   _____
   _____
   _____
   _____
   _____
7. A que che recorda esta escena?_____
   _____
   _____
   _____
   _____
   _____

**FICHA DE LECTURA 8**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 15, 16 e 17 (páxinas 83 á 97).

1. Escribe como se sente cada un dos personaxes e o porqué están así:

| | Como se sente | Porque... |
|---|---|---|
| Luva | | |
| Pelusa | | |
| Buli | | |
| Sabuxa | | |
| Pimpún | | |
| Peixes vivos | | |
| Araos | | |

2. Que lles sucede aos cans na praia? _____
_____
_____

E a Sabuxa?_____

3. Describe a reacción de Buli ante este suceso e o aspecto físico que acada a raíz diso. _____
_____
_____
_____
_____

4. De que dúas formas se vai limpando o mar da marea negra? _____
_____
_____

5. Quen aparece na ermida?_____



**FICHA DE LECTURA 9**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 18 e 19 (páxinas 99 á 113).

1. Onde aparece Sabuxa?_____

Quen a salva?_____

A onde a levan?_____

Como a tratan?_____



2. Quen son os tres homes da furgoneta?_____

_____

Como se chaman?_____

_____

Que se traen entre mans?_____

Con que intención?_____

3. Os refráns son ditos ou frases curtas que expresan un pensamento ou ensinanza popular. Nestes capítulos hai varios refráns. Búscaos, escríbeos e explica o seu significado. _____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

4. Fai unha descrición de Antígona e Lelo resaltando os seus rasgos máis destacados:

| Antígona | Lelo |
|---|---|
| | |

5. Quen rescata a Antígona? Conta como e que lles sucede aos rescatadores. _

_____

_____

_____



**FICHA DE LECTURA 10**

**As aventuras de Pelusa**

Le os capítulos 20 e 21 (páxinas 115 á 126).

1. Explica como se desenvolve a liberación de Antígona._____

_____

_____

Quen ven sendo o liberador dos cans e da nena?_____Que diferenza hai entre este Malasaña e o do principio do libro? _____

_____

_____ A que cres que se debe a transformación: ao propio personaxe que cambiou ou a que o autor quixo facernos crer algo e logo descubriunos a verdade. _____

_____

_____

2. En que situación queda Pelusa?_____

_____Quen acode na súa axuda?_____

Quen cre quen a salvou?_____Cres que o que sucede durante o soño é real ou froito da febre. Explícao_____

_____

_____

_____

_____

_____

3. Que quere facer a nena cons cans como agradecemento?_____

_____Que elixen eles?_____

_____

4. Resume o final da historia_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

_____

# AS AVENTURAS DE PELUSA

UNIDADE DIDÁCTICA 2

UNIDADES TEMÁTICAS

GRUPO DE TRABALLO

**PER LOCA MARÍTIMA**

CURSO 2013-14



IES URBANO LUGRÍS

MALPICA DE

BERGANTIÑOS

## UNIDADE TEMÁTICA 1: PELUSA E A DESCRICIÓN DE PAISAXES

No capítulo 1, o autor describe o lugar onde se atopa Pelusa do seguinte xeito:

*... onde remata a estrada en que os seus amos a abandonaron, érguese unha pequena ermida. Monte arriba, afastada do mar, alén da gándara, gabea unha fraga galgante. …Ao fino oído da cadela chega o murmurio cantareiro dun manancial …Algo máis abaixo da ermida, contra o mar, bate cunha fonte coa pía de pedra traballada…Cando acalmou a sede, observa que dos silveirais adxacentes penden panos brancos.*
*Pelusa prosegue monte abaixo ata gañar a ribeira. No mar para dentro cabecean descoidados os barcos baixo a sentinela cobizosa das gaivotas barulleiras.*
*A carón dos cons as augas aparecen limpas, transparentes. (Páx 5-6)*

**SABIADES QUE…**

Describir un lugar ou unha paisaxe consiste en explicar mediante palabras, de forma detallada e ordenada como é un lugar para que alguén poida imaxinalo sen velo.
A descrición é algo así como unha pintura ou unha fotografía feita con palabras.
Á descrición de lugares tamén lle chamamos **topografía**.

**A lingua das descricións**

Nas descricións son máis importantes e frecuentes os **substantivos** e os **adxectivos** que os verbos: os substantivos, porque son as palabras que designan os elementos do que se describe, e adxectivos porque indican as súas calidades ou características.
As referencias ao espazo exprésanse mediante **adverbios de lugar**: *alí, detrás*..., e frases preposicionais: *por riba de, por detrás de*...
As oracións habituais son as **atributivas**, é dicir, as que están formadas cos verbos *ser* ou *estar*. Tamén son frecuentes as construcións comparativas e adversativas.
Os recursos máis usados son as **comparacións**, as **metáforas**, sinónimos, antónimos, ...

**Sabes como elaborar unha descrición?**
Segue estas sinxelas instrucións. Sairanche uns textos preciosos.
De seguro!!!

**1º paso**
Debemos **observar detalladamente** as características e os trazos definitorios da paisaxe que imos describir. Atenderemos especialmente ás características físicas (do lugar onde e sitúa, como é, o que acontece nel…)
**2º paso**
Escoller o punto de vista que debemos ou queiramos adoptar: obxectivo ou subxectivo.
**3º paso**
**Seleccionaremos as características** que mellor definen ese lugar que imos describir e que o diferencian doutros similares a el. Non ten sentido dicir absolutamente todo o que se ve senón os elementos máis característicos ou interesantes.

A partir dunha mesma paisaxe real dúas persoas farán dúas descricións distintas porque seguramente tamén será diferente a maneira de vela. A unha persoa interesaranlle aspectos que tal vez á outra lle pasen desapercibidos.

**4º paso**

Ao elaborar finalmente a descrición **seguiremos unha orde determinada**: podemos comezar facendo unha panorámica xeral do que describimos e a continuación imos describindo cada unha das súas partes. Esa ordenación dependerá da paisaxe descrita e do noso criterio persoal, mais os datos deberán estar sempre ordenados, non se pode dar a impresión de saltar dunha parte a outra sen seguir ningunha orde

**5º paso**

Empeza a escribir nunha folla a modo de borrador. Anota nomes, adxectivos, comparacións...segundo vaias vendo.

Ordena as frases, cámbiaas de sitio, risca o que non che guste. Usa frechas, chamadas...ata darlle forma. Observa que teña coherencia o que dis e como o dis.

Logo pásaa a limpo noutra folla coidando a caligrafía, a ortografía e a presentación.

Volve ler o texto. Pecha os ollos. Trata de imaxinar como é a estrada ..., a ermida..., a fraga...,, a fonte, ...Tenta descubrir como soa o vento..., como lle peta a Pelusa na súa cara, ... a que ule o ambiente..., os sons que oe a cadela. Reláxate.Toma o tempo preciso. Non teñas présa por acabar. Recréate na paisaxe que estás vendo. Voa... Imaxina...

Agora tenta debuxar o que viches na túa imaxinación. Non esquezas o vento, os cheiros e recendos, ... Volve a ler a descrición se o precisas. Dálle cor a túa obra.

Coas instrucións e co exemplo anterior, tenta describir ti a paisaxe da páxina 91 do libro "As aventuras de Pelusa". Lembra: Empeza co borrador e logo preséntaa ben limpa.

**NO RECANTO DA REDE**
www.costadamortegalicia.com

www.caminodosfaros.com

## UNIDADE TEMÁTICA 2: PELUSA E A FAUNA GALEGA

No capítulo 3, o autor cita unha serie de personaxes, todos eles animais. Neste fragmento aparecen unha serie deles:

*... Pelusa séntese feliz. Por fin atopou de novo seres que a queren e a quen querer. Aprende a diferencialos. A un chámalle Pimpán, a outro Pimpín, e ao terceiro, que é o menos comedor, Pimpún.*
*Pero as ansias de Pelusa non se limitan ao coidado dos paxaros. Hai dous enigmas que a traen aquelada.(cap. 3)*

**SABIADES QUE…**

"*As aventuras de Pelusa*" é unha novela onde os personaxes son animais. A esta composición literaria denomínaselle **fábula**. Estas historias conclúen cunha moralexa de carácter instrutivo ou didáctico.

Le de novo o capítulo 3, e escribe tódolos animais aos que fai referencia o autor, sexa co nome real ou co nome literario:

_____
_____
_____
_____
_____
_____

**SABIADES QUE…**

Todos os seres vivos teñen un nome científico en latín, único en todo o mundo. A ciencia que se encarga da nomenclatura dos seres vivos denomínase **Taxonomía**. **Carlos Linneo**, foi o que estableceu a nomenclatura binomial dos seres vivos. O nome científico está formado pola combinación de dúas palabras (xénero e especie), como se cada especie tivese "nome e apelido".

Investiga sobre o nome destes animais propios dos ecosistemas galegos.

| NOME GALEGO | NOME CASTELÁN | NOME CIENTÍFICO | HÁBITAT | CURIOSIDADES |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

**NO RECANTO DA REDE**

http://www.salvacadelos.com/

http://www.rios-galegos.com/

## UNIDADE TEMÁTICA 3: PELUSA E AS ESPECIES PROTEXIDAS

No libro "As aventuras de Pelusa" aparecen dúas especies animais que están en perigo de extinción. Unha delas é Luva, a lontra, amiga de Pelusa e a outra é o arao.

*Nunha furna descobre unha colonia de aros. É a primeira vez que ve aves así. O lombo ten a cor de Luva, o peito branco. Pouco menos son ca Buli. Un deles estácagandosobre o ovo, na repisa do penedo. Pelusa decátase de que non ten niño.*
*-Que paxaro máis porco e máis nugallán…-Comenta a cadela para os seus adentros.*
*Pero non é o que pensa Pelusa. As feces do aro carolo ao secaren cementan o ovo na pedra e impiden que arrole polo acantilado.*

**SABIADES QUE…**

As Illas Sisargas están incluídas no **LIC Costa da Morte** e que xunto co Cabo e Santo Hadrián forman un rico ecosistema formado por miles de aves para a súa reprodución e varias destas especies están en perigo de extinción como o aro carolo ao que fai referencia a fábula de Pelusa.
O arao é unha **especie protexida**, xa que quedan moi poucas parellas na Península e sobre todo despois do **naufraxio do Prestige**. Investigade e elaborade a seguinte ficha para coñecer un pouco máis esta ave.

**FICHA SOBRE O ARO CAROLO**

*Nome científico:*_____

*Nome en castelán:*_____

*Estado de conservación na Península Ibérica:*_____

_____

*Onde pasa a maior parte da súa vida*_____

*Onde nidifica:*_____

*Nº de parellas nas Sisargas según o último censo da Xunta de Galicia:*_____

No concello de Malpica existen zonas de especial protección:
**-LIC da Rede Natura 2000 europea**
**-ZEPA Costa da Morte**
**-ZEPNV da Rede Galega**

Investigade o significado destes acrónimos e siglas

| | |
|---|---|
| LIC | |
| ZEPA | |
| ZEPVN | |

A **lontra ou londra** é un mamífero que vive nos ríos ou preto da costa. É considerada como un **indicador da contaminación**, polo que se alguna vez atopades unha no río o na costa, saberedes que estades paseando por unha zona libre de contaminación.

A londra é un mamífero con moitas curiosidades, animádevos e elaborade un traballo de investigación sobre esta especie e facede unha **exposición con fotografías**.

**SABIADES QUE…**

Nas **Illas Sisargas** aniña a **maior colonia** da Península Ibérica da gaivota patiamarela. Son aves que crían en colonias e os seus niños son a miúdo unhas poucas plantas que poñen no chan ou no cantil. Defenden os seus ovos con forza ante calquera inimigo. Son omnívoras e buscan o alimento no lixo, en presas pequenas na costa ou nos campos ou mesmo rouban as súas presas a outras aves. Con estes datos e outros que vós teñades, elaborade unha pequena historia na que a protagonista, ou protagonistas, sexa unha gaivota. Pode ser unha fábula, coma na historia de Pelusa.

COMEZA AQUÍ A TÚA HISTORIA, QUIZAIS SE CONVERTA NUN FERMOSO LIBRO…

O **Cabo de Santo Hadrián** é o mellor punto de observación dos **pasos migratorios** de aves de setembro a outubro. E acolle a un número importante de especies que procuran alimento no continente como:

- **Corvus Corone**
- **Corvus monedula**
- **Pica pica**
- **Laurus cachinanns**
- **Corvus corax**

Investigade o nome en galego e castelán das aves mencionadas co nome científico (lista de aves de Galicia, na Galipedia). Lembrade que está en Latín e leva sempre dúas palabras. A primeira en maiúscula e corresponde ao xénero e a segunda en minúscula e corresponde á especie.

PINTA DUNHA MESMA COR CADA ESPECIE

| | | | |
|---|---|---|---|
| Corvus corone | | Gaviota patilarga | Gralla pequena ou cereixeira |
| Corvus monedula | | Grajilla | Corvo grande |
| Pica pica | | Cuervo común | Gaivota amarela |
| Larus cachinnans | | Urraca común | Corvo pequeno |
| Corvus corax | | Corneja negra | Pega |

**NO RECANTO DA REDE**
http://faunagallega.es.tl
http://biodiversidadegalega.blogspot.com.es

## UNIDADE TEMÁTICA 4: PELUSA E A DEFENSA DOS ANIMAIS. OS ECOSISTEMAS.

No libro "As aventuras de Pelusa" o autor trata o tema da defensa dos ecosistemas e o respecto polos animais. Presta atención aos seguintes parágrafos do capítulo 7

*-Raios, Tomás! Non son máis ca paxaros!- Tenta de moderar outro dos compañeiros-. Non é para tómalo tan a peito.*

*-Non pensó acompañarvos. Vin convosco para pásalo ben, non para contemplar como estruídes o ecosistema. Adeus.*

*-Que fino! E-co-sis-te-ma –silaba con mofo o promotor da idea-. Outro día que veñas, na vez de escopeta, hei traer o diccionario.*

*-Agarda, Tomás! Chama o que vai desarmado-. Vou contigo.*

**SABÍADES QUE…**

Un **ecosistema** é un conxunto formado polos seres vivos dun lugar, o medio físico no que habitan e as relación que se establecen entre eles.

**ECOSISTEMA = BIÓTOPO + BIOCENOSE**

- **BIÓTOPO:** MEDIO FÍSICO
- **BIOCENOSE:** SERES VIVOS QUE HABITAN NESE LUGAR

Para poder estudar mellor os ecosistemas, clasificámolos en ecosistemas acuáticos e terrestres.

**ACUÁTICOS:**

- Terreos naturais húmidos
- Illas
- Ríos
- Costas

**TERRESTRES:**

- Bosque Atlántico
- Estepa
- Bosque Mediterráneo
- Devesa

No libro faise referencia a distintas especies que habitan no bosque e na costa. Intentade averiguar as especies, que aparecen nos seguintes ecosistemas.



No seguinte recadro, anota os seres vivos que habiten na costa ou preto dela, e que ti coñezas.

| NOME EN GALEGO | NOME EN CASTELÁN | NOME CIENTÍFICO |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

**SABIADES QUE…**

Hai organizacións en defensa da **biodiversidade** que, co obxectivo de **frear a perda** da mesma, están esixindo a creación inmediata de novas áreas mariñas protexidas no mar Cantábrico e augas atlánticas galegas como as das **Illas Sisargas**.

Invitámosvos a buscar información sobre estas organizacións (recortes de prensa, revistas, publicidade,…) e anotádea no taboleiro da escola. Tamén podedes formar unha organización en defensa da natureza. Pensádeo…

**NO RECANTO DA REDE**

http://www.educaplay.com/es/recursoseducativos/tag/ecosistemas
http://repositorio.educa.jccm.es/portal/odes/conocimiento_del_medio/primaria_ecosistemas/index.
http://recursostic.educacion.es/multidisciplinar/itfor/web/sites/default/files/recursos/losecosistemas/html/CIENCIAS38_imprimir_alumnado.pdf

## UNIDADE TEMÁTICA 5: PELUSA E OS SEUS AMIGOS. A SOLIDARIEDADE.

No libro "As aventuras de Pelusa" podemos atopar moitos momentos, como o que sucede no capítulo 9, nos que a **solidariedade** e a **empatía** (saber poñerse no lugar dos demais) son fundamentais para poder sobrevivir.

*Luva escala o bío facendo un amplo rodeo. Felina agatuña tras ela. Buli non se atreve a subir, permanece a carón da cadeliña das manchas leonadas.*
*Luva e Felina gañan por fin o saliente roqueiro. Pelusa ten un golpe ben visible na cabeza, sangue callado.*
*-Está inconsciente- comenta a lontra movéndoa coas patas.*
*Felina lámelle a ferida. A cadela volve en si, atordada como se espertase dun sono moi longo. Recoñecee as amigas. Érguese con dificultade. Aos poucos vaille pasando o mareo. Descenden a modo polo precipicio. Luva fai de guieiro.*

**SABIADES QUE…**

- Non existen os amigos ideais, senón que os amigos son persoas coas súas características propias e que **debemos aceptalos tal e como son.**
- A **confianza** é a base de toda amizade.
- A amizade é crear **"lazos".**
- Traballar en equipo axuda a resolver moito mellor os problemas e proporciona unha gran **satisfación**.

Se lístedes o libro poderedes comprobar nos distintos capítulos como Pelusa é un verdadeiro amigo.
Propoñémosvos que intentedes recoñecer aos vosos amigos de verdade. Para iso debedes cubrir estas dúas listaxes (Pelusa dávos moitas pistas coas súas accións).

**UN AMIGO É…(CUALIDADES, COMPORTAMENTOS..)**

- **Cercano ( sempre está comigo aínda que non esté xunto a min).**
- 
- 
- 
- 
- 
- 

**UN AMIGO NON É…(CUALIDADES, COMPORTAMENTOS..)**

- **O que me engana para quedar ben el cos demais.**
- 
- 
- 
- 
- 

Na amizade é fundamental a **confianza**. Para traballar a confianza, podedes facer este xogo na clase:

- Formar parellas, podemos escoller aquela persoa que nos sexa máis afín.
- Vendar os ollos da parella escollida.
- A persoa que non ten os ollos pechados, debe guiar á súa parella (da man, despois sen falar, despois só falando).
- Intercambio de papeis.

**OBRADOIRO DE XOGOS**

**1.- Maratón de chistes:**
-Distribuídos en grupos.
-Comeza un grupo cun chiste. E seguen os demais grupos.
-O grupo que se quede en branco ou repita chiste, perde.

**2.-Xogo do despiste:**
-Un voluntario sae de clase e espera a que o chamen.
-O profesor/a indica qué persoas ( dúas ou tres) deben contestar como se fosen outro compañeiro/a, os demais deben contestar a verdade.
-Invitamos a pasar ao voluntario que debe facer as preguntas que considere oportunas para descubrir a un mentireiro.
-Se acerta, todos aplauden e escolle voluntario.
-Se non acerta, todos aplauden e dáselle unha explicación. Sae outro voluntario.

**3.-Mímica:**
-Por rotación, hai que intentar que o grupo adiviñe a frase que che tocou:

- Somos amigos
- Gústame divertirme
- Síntome ben
- Quérote
- Enténdesme?
- Gústame verte sorrir
- Chamareite mañá
- Quero saír contigo
- …

**Axudar** é unha acción fundamental á hora de fomentar a amizade. Buscade frases de personaxes célebres ou mesmo elaboradas por vós. Comentádeas e reflexionade sobre elas e, **decorade** os corredores do voso centro con tiras de cores e frases de axuda. Exemplos

*"Axudar ao que o necesita non só é parte do deber, senon da felicidade"*

*"Non debemos axudar aos pequenos, aplastando ao grande"*

*"Raras veces se presentan grandes oportunidades para axudar a outros, pero as pequenas rodeánnos"*

Completade esta carta co teu amigo ideal. Seguro que xa o tedes e, estades pensando nel!

SE O MEU AMIGO FOSE…

- ✓ …Un animal, sería un can, porque nunca me abandonaría, iría sempre comigo, sería cariñoso, xoguetón e sempre podería contar con el.
- ✓ … Unha estación do ano, sería primavera, porque nesa estación estase moi a gusto, xa que non se pasa frío nen calor.
- ✓ … Un día da semana, sería un venres, porque aínda que teñas cousas que facer non te sintes agobiado.
- ✓ …Un obxecto, sería un espertador, porque me avisaría cando estivese nun problema e axudaríame.
- ✓ …Un coche, sería un seiscentos, porque aínda que non sexan moi bonitos por fóra, o motor funciona moi ben e con forza.
- ✓ …Unha planta, sería _____

  _____
- ✓ …Unha película, sería_____

  _____
- ✓ …Unha comida, sería_____

  _____
- ✓ …Un sentimento, gustaríame que fose_____

  _____

**NO RECANTO DA REDE**

http://www.educaplay.com/es/recursoseducativos/763825/palabras_de_paz__amizade__tolerancia__solidariedade__cooperacion__esperanza__dialogo__xustiza.htm
http://web.educastur.princast.es/cpr/nalon_caudal/materiales/materiales_efisica/RECURSOS/JUEGOS/JUEGOS%20COOPERATIVOS.htm

## UNIDADE TEMÁTICA 6: PELUSA E AS LENDAS

"Galicia é un país habitado por homes e mulleres de carne e óso pero tamén por seres que bulen nun mundo fantástico ou encantado, pero tan real coma o outro."

*Antonio Reigosa*

No capítulo 12 faise referencia a un personaxe misterioso, o vello das brancas guedellas. O relato desenvólvese nun lugar e nun momento determinado e nel mestúranse elementos reais e imaxinarios. Estamos ante o que chamamos unha lenda.
Lembremos o fragmento:

*—O vello. Non notastes nel nada especial?*
*—A verdade é que a súa face me resulta familiar —indica Xabier.*
*—É o Santo do Monte! —Rebenta Tomás.*
*—Si! É el! —Confirma Moncho—. A súa cara, os seus ollos! O Santo do Monte en persoa!*
*—Daquela é certo! —Exclama Tomás.*
*—O que?*
*—O que contan os vellos. Que cada tantos anos o Santo do Monte vén disfrazado á súa romaría, para saber quen trata ben os animais e quen os trata mal. Logo pásalles os seus informes ao boi e á mula que quentaron o Neno Xesús no portal de Belén, que son agora os ministros que atenden no Ceo sobre os asuntos dos animais.*
*—Só o boi —corrixe Xenaro—, que a mula negouse a quentar o Neno. Por iso desde aquela é estéril e non ten fillos que quentar.*
*—Iso é! Disfrazado! Tamén eu llo oín á miña avoa! —ratifica Xabier—. E sábese cando aparece porque ese ano é un ano de milagres.*
*—Unhas veces preséntase de mendigo interrompe Tomás—. Outras, de moinante e de cura. Un ano seica veu de garda civil de tráfico con moto e todo, e inchouse a poñerlles multas aos que maltratan os animais —engade Tomás, choscándolle o ollo a Xabier.*
*—Recoiro! —exclaman a un tempo Moncho e Xenaro facendo as cruces.*

**SABIADES QUE…**

Unha lenda é unha narración literaria que presenta feitos extraordinarios e fantásticos como se ocorresen realmente.

Están relacionadas cun lugar concreto, un personaxe real ou cun feito natural ou histórico ocorrido.

Tentan explicar feitos ou fenómenos que non se comprenden ou non se comprendían antigamente.

Segundo os temas que traten, as lendas poden ser:

**Haxiográficas**: Contan a vida dos santos, da Virxe e os seus milagres.
**Etiolóxicas:** Explican un feito do que non se coñece a orixe (un accidente xeográfico, un fenómeno natural, ...) un topónimo, ...
**Históricas:** refírense a batallas, fazañas heroicas,...
**Tesouros e mouros, fadas, trasnos**,....

Tenta analizar o relato anterior diferenzando os elementos reais dos imaxinarios.

| Elementos reais | Elementos imaxinarios |
|---|---|
| | |

No lugar onde se desenvolve a historia de "As aventuras de Pelusa" tamén se contextualiza a lenda de San Hadrián.

A lenda malpicá cóntanos que unha comunidade de monxes, que habitaba nas Sisargas, vivía asediada por unha gran colonia de serpes.
Santo Hadrián, que se encontraba predicando o evanxeo pola Costa da Morte, en tempo de marea baixa, achegouse ás pedras da ribeira e díxolles: «Eu, Santo Hadrián, libérovos das serpes e desde hoxe nunca máis ás Sisargas irán». Dito isto, pisou unha que pasaba a rentes dos seus pés e gravouna nas mesmas pedras da ribeira. Xunta ela deixou tamén insculpidas as súas pegadas e a cunca.

E é ben certo. Nos cantís que están ao carón da ermida da San Hadrián, cando a marea está baixa podemos achegarnos e ver esta figura que tal cal representa unha serpe branca incrustada na rocha negra e preto dela tres ocos redondos nunha rocha.

Estes elementos reais resultaron perante séculos inexplicables aos ollos da xente que tentou explicar a súa orixe a través deste fermoso relato.

Hoxe, sabemos que a cunca e as pegadas de San Hadrián son pías, que nacen froito da erosión que a auga do mar produce na pedra e a «culebriña» é un filón de seixo pregado polos movementos tectónicos das placas hai millóns de anos polo que nin tan sequera interveu na súa aparición a man do home.

De seguro que preto do lugar onde vives hai unha fonte, un dolmen, unha rocha, unha torre, .... coa súa lenda. Pregunta aos teus maiores e pídella que cha conten.
Logo escríbea e cóntanola a todos. Podes achegar unha foto do lugar.

Agora trata de separar na túa lenda ...

| Os elementos reais, que existen | Elementos imaxinarios, que non existen |
|---|---|
| | |

A que tipo pertence a túa lenda? _____

**NO RECANTO DA REDE**

http://www.galiciaencantada.com/
http://lendas-galegas.blogspot.com.es/

## UNIDADE TEMÁTICA 7: PELUSA E A COSTA, PRAIAS, TEMPORAIS, PORTOS

No capítulo 13, o autor describe o seguinte acontecemento, onde podemos intuir a poderosa forza que exerce o mar:

*... No outro día, no mar da ribeira pola punta do cabo unha chalana está en apuros. Pelusa albíscaa desde o alto do monte. Tripando veloz por entre as queiroas, a cadela descende a carón do mar. A chalana anda á procura dun coído libre de rompentes, ao que poder arribar. As ondas, ao bateren nos cons, escachan en chuvia de perlas escumantes que o vento abala... (cap. 13).*

**SABIADES QUE…**

Nas costas, o principal axente xeolóxico é o mar, xenerando elementos do relevo característicos según o tipo de rocha predominante. As augas mariñas exercen unha triple acción sobre o medio: erosión, transporte e sedimentación, gracias a tres elementos: **oleaxe**, **mareas** e **correntes**.

**SABIADES QUE…**

As mareas son o cambio periódico do nivel do mar producido, principalmente, polas forzas de atracción gravitacional que exercen a Lúa e o Sol sobre a Terra.



**SABIADES QUE…**

A **abrasión mariña** é o desgaste causado nas rochas pola acción mecánica da auga (olas, correntes) cargada de partículas. Este proceso de meteorización nas rochas, producen roturas denominadas **diaclasas**.

Outros axentes xeolóxicos que tamén producen abrasión no relevo son o vento, os ríos, as línguas glaciares.

Observa de novo as seguintes imaxes do libro e intenta identificar nas mesmas as seguintes estruturas do relevo costeiro:

| | | |
|---|---|---|
| CANTÍS | PLATAFORMA DE ABRASIÓN | PRAIA |
| DIACLASAS POLA ABRASIÓN DO MAR | CONS/COÍDOS | FURNAS |

--- --- ---

--- --- ---

A costa aporta unha serie de ventaxas e beneficios económicos e sociais: a pesca, transporte, ocio, deportes, etc., que promoveu o crecemento de moitas vilas costeiras. É por iso que Galicia presenta importantes portos internacionais como os de: Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol. Saberías ubicar estes 5 portos nun mapa de Galicia?




Investiga no Google earth e localiza no seguinte mapa os portos e faros que existen na costa de Malpica, Laxe e Ponteceso.

**NO RECANTO DA REDE**

http://www.portosdegalicia.es/
http://serbal.pntic.mec.es/ealg0027/mapasflashga.htm

## UNIDADE TEMÁTICA 8: PELUSA E AS MAREAS NEGRAS

No capítulo 14, o autor describe o seguinte acontecemento que sufre Luva:

*…O buque que pasa vai escorado a unha banda. Luva afía o morro. Un recendo oleaxinoso impregna a atmosfera. Pola superficie do mar esténdese como o aceite unha mancha escura, que ao seu paso deixa lisas as augas. Luva enxerga, atónita, como a mancha negra alanca paseniña, silandeira, implacable.*
*A marea negra rodea as pedras dos baixíos. Cando Luva se decata, está cercada. A laxe que lle fai de miradoiro é un illote choído no mar mesto do petróleo... (cap. 14).*

**SABIADES QUE…**

As **mareas negras** son grandes vertidos de petróleo -ou dalgunos dos seus derivados- no medio mariño, que poden causar graves daños ecolóxicos, sobre todo cando chegan á costa.

Observa a maneira na que se dispersa o petróleo cando entra en contacto co mar:



**Sabedes que seres vivos sufren máis os efectos dunha marea negra?**

Os organismos máis sensibles aos efectos dunha marea negra son aqueles que viven fixos ao substrato ou que teñen unha reducida mobilidade e que, por tanto, non poden fuxir: as algas e os invertebrados, como moitos moluscos (ameixas, berberechos, mexillóns, caracolas e bígaros), os crustáceos (cangrexos, nécoras e lubrigantes), as anémonas de mar, as esponxas, os corais ou os vermes mariños.

**Por que morren os organismos afectados por unha marea negra?**

Por un conxunto de accións entre as que se incluen a falta de luz, a asfixia, a fame, a parálise, o envelenamento e o frío. Os vertidos que cubren os organismos de pequeno tamaño poden actuar como unha especie de pegamento que lles impide realizar movementos e moitas das súas funcións vitais, como a respiración, morrendo entón por asfixia.

A maior parte das algas afectadas morrerán ao ser incapaces de respirar e tamén de fabricar os seus alimentos por falta de luz. Por carencia de osíxeno tamén morrerán moitas postas de ovos. A morte de algas e pequenos microorganismos conleva a morte, por fame, doutras especies que os consumían.

A inxesta de fuel tamén provocará o envelenamento dalgúns animais. As plumas manchadas das aves deixan de cumplir unha das súas principais funcións, a de protexelas contra o frío.

Investiga na rede información sobre os últimos accidentes de petroleiros que afectaron con mareas negras ás costas galegas.

Analiza as seguintes imaxes sobre os efectos das mareas negras e indica as consecuencias do fuel sobre o medio físico e os seres vivos.




**NO RECANTO DA REDE**

http://www.ecologistasenaccion.org/
http://www.ecologiaverde.com/

## UNIDADE TEMÁTICA 9: PELUSA E O RETRATO

No libro "As aventuras de Pelusa" aparecen unha serie de personaxes, na maior parte animais, cunhas características que os fan únicos e que o autor nos vai describindo ao longo dos capítulos a través do retrato.

Por exemplo, no capítulo 9 preséntanos deste xeito a Sabuxa:

*De súpeto, ao lonxe, descobren un can carroulán. O can detense, dubida, abanea lene o rabo. Buli é o primeiro en aproximárselle. Olfactéao. É unha cadela, da súa mesma altura. Ten a pel branca, con manchas leonadas. Unha das manchas adórnalle un ollo. Fáltalle o brazo esquerdo.*
*A cadela fai acenos para que a sigan.*
*—Auuuuuuuuuuuuuu…*
*Á chamada de Buli acoden Luva e Felina. Os tres seguen os pasos carrouláns da cadeliña mutilada.*

**SABIADES QUE…**

Os textos que describen persoas ou animais tal como son tanto no seu aspecto físico como na súa forma de ser chámanse **retratos**. Cando é o propio autor quen se describe a si mesmo, o texto recibe o nome de **autorretrato**.

**Podemos** distinguir distintos tipos de descrición de persoas e animais segundo os aspectos que se describan e a forma de facelo:

- **Prosopografía**: descrición do físico das persoas ou animais.
- **Etopea**: descrición do carácter e do comportamento.
- **Retrato**: é a descrición completa dun personaxe, pois contén os rasgos físicos e de carácter.
- **Caricatura**: é un tipo de descrición na que os rasgos físicos e morais da persoa ou do animal se presentan de maneira esaxerada, acentuando os defectos.

Para facer un retrato dun personaxe debemos seguir as seguintes indicacións:
- Indicaremos o seu xénero.
- Diremos a súa idade, que pode ser aproximada usando termos coma nena, cachorro, de idade madura, vello, …
- Falaremos da súa aparencia xeral (talla, constitución, raza …)
- Logo pasaremos a describir a cara cos seus detalles, o pelo, o corpo, as extremidades,…
- Se é o caso, salientaremos algunha característica que nos chame a atención.
- Logo daremos información sobre o seu carácter e comportamento.
- Se é unha persoa, podemos indicar como viste.

As descricións poden ser: obxectivas ou subxectivas.
As **obxectivas** ofrecen unha imaxe real do obxecto descrito na que todos coincidimos.
As **subxectivas**, pola contra, están condicionadas polo criterio persoal de quen describe e nelas poden transmitirse opinións ou sensacións do autor.

Tendo en conta o anterior, propoñémosvos o seguinte xogo:

Elixide cada un de vós unha imaxe das que vos propoñemos a continuación e non llo digades a ninguén.
Facede unha descrición detallada seguindo os pasos indicados. A personalidade e o comportamento podedes inventalo.
Lede o voso texto en alto. Os demais deben adiviñar de que imaxe se trata a través do que vós lle contades.

_____

_____

_____

_____

_____

_____

Nas descricións son moi importantes os adxectivos porque serven para designar as calidades e as características do que se describe. Elixide os adxectivos do cadro que mellor lle acaian a cada personaxe do libro "As aventuras de Pelusa". Podedes repetilos. Ollo ao xénero!!!

*Atrevido/a, rufo/a, soñador/a, alegre, xeneroso/a, divertido/a, pequeno/a, orgulloso/a, tímido/a, sensible, doce, confiado/a, intelixente, xoguetón/a, amable, tenro/a, protector/a, namoradeiro/a, rápido/a, áxil, eivado/a, toleirán/a*

| | |
|---|---|
| Pelusa | |
| Luva | |
| Felina | |
| Sabuxa | |
| Buli | |
| Pimpún | |

Outro dos recursos expresivos máis usados nos retratos son as comparacións e as metáforas.
Botádelle agora moita imaxinación e compoñede comparacións ocorrentes. Non importa que sexan disparatadas sempre que teñan coherencia e indiquen como é o personaxe.

- Pelusa é _____ coma _____
- Luva é _____ coma_____
- Felina é _____ coma _____
- Pimpún é _____ coma _____

**NO RECANTO DA REDE**
http://www.aviondepapel.tv/2008/01/retrato-personaje/

www.**salvacadelos**.com

## UNIDADE TEMÁTICA 10: PELUSA E AS ROMARÍAS

Galicia ten 3799 parroquias cada unha co seu santo ou santa de devoción. Amais, en moitas delas celébrase unha romaría. Estas son máis frecuentes no mes de Agosto, pero entre maio e setembro contabilízanse na nosa terra máis de dúas mil romaxes. Poucas culturas europeas contan con tal concentración festiva.

O capítulo 11 fálanos dunha delas a onde van ofrecidos Moncho e Xenaro. Retomemos o relato:

*—E que tal van Moncho e Xenaro? —Comenta Xabier cambiando de conversa.*
*—Hoxe estiven con eles. Puxéronlles a vacina antirrábica. E das feridas van ben.*
*Logo engade, despois dunha pausa.*
*—Os pais ofrecéronos ao Santo do Monte.*
*—A romaría é para o mes que vén.*
*Efectivamente, tres semanas despois desta conversa entre Xabier e Tomás, estalos abouxadores atronan o aire da mañanciña, escorrentan as mandas de paxaros e a paz da ribeira. É a festa do Santo do Monte.*
*Os moradores da lagoa enxergan os foguetes a debuxaren sucos ascendentes no ceo. O vento nordés turra das canaveiras cara ao fondal da fraga. Desde o outeiro que domina a estrada Pelusa cata como o monte se vai enchendo de xente: mulleres, homes, vellos, rapaces.*
*Algúns entran de xeonllos no adro e, tamén de xeonllos, dan voltas arredor da ermida. Na Fonte do Santo mollan os panos, refréganos pola cara e o corpo e rematan por penduralos do silveiral.*
*Os moinantes montan os enxeños das escopetas de balotes, o mazo de probar a forza, a roda da fortuna, a sorte do paxariño. (…)*
*Do interior da ermida ata o cruceiro de alén do adro sacan os santos en procesión. O máis engalanado é un cunha perna arremangada e un cadelo a carón. Na comitiva camiñan Moncho e Xenaro con cadansúa candeaxerro de cera, agradecidos ao Santo de non colleren a hidrofobia. (…)*
*Os romeiros vanse xuntando en grupos na volta do adro.*
*Algúns buscan as sombras dos lindeiros da fraga. Sentan a comer e a beber.*

**SABIADES QUE…**

Galicia aparece marcada desde moi antigo por unha profunda relixiosidade, na que, en moitos casos se funde o elemento cristián con crenzas anteriores. De feito, ao carón de cada ermida galega non é difícil atopar unha pedra, unha fonte, unha árbore á que lle renderan culto os habitantes dese lugar antes da chegada do cristianismo.

Os santos e a Virxe María adquiren en certos lugares sona de milagreiros e máxicos. A Virxe do Corpiño cura o meigallo, San Roque as chagas, San Antonio protexe aos animais,...
Os seus santuarios son lugares de culto e romaxe aos que acoden persoas de toda Galicia. Estas celebracións, inmersas no mundo cristián, trascenden o ámbito relixioso e afectan á sociedade desde o punto de vista económico, turístico e de relación social.

Os costumes e as celebracións festivas ao redor das romarías mesturan elementos relixiosos e profanos e aínda que non coincidan cos parámetros sociais de quen os visita, pertencen ao sentir cultural do pobo e conforman o patrimonio inmaterial de Galicia. A carón dos santuarios, ermidas e romarías medran unha chea de narracións, lendas, costumes, bailes, ritos e mitos de gran riqueza que perviviron ao longo dos séculos. Todo un universo simbólico no que se funde festa e devoción, antigos ritos cristianizados coas máis modernas tecnoloxías.

**ROMARÍAS MÁIS FAMOSAS DA NOSA CONTORNA**

| CONCELLO | NOME | PROTEXE OU CURA | DATA |
|---|---|---|---|
| Camariñas | Romaría da Virxe do Monte | Mariñeiros. Migrañas e doenzas mentais | Luns de Pascua |
| Corcubión | Romaría do Carme | Mariñeiros | 16 de xullo |
| Cabana | Romaría de San Fins do Castro | Verrugas | Primeira fin de semana de agosto |
| Cabana | Romaría do Carme do Briño | Fonte de auga milagreira | 18 de xullo |
| Cabana | Romaría de Santa Mariña do Remuíño | Ubres do animais | 18 de xullo |
| Muxía | Romaría da Nosa Señora da Barca | Espalda | 8 de setembro |
| Malpica | Romaría de Santo Hadrián | Verrugas | Domingo seguinte ao 16 de xullo |
| Vimianzo | Romaría de Monte Torán | | Maio |
| Cee | Romaría de San Pedro Mártir | Dores de cabeza | 29 de xuño |

Busca información sobre un santuario ou unha romaría á que foses ou que estea preto de onde vives.
Enche a seguinte ficha

| | | |
|---|---|---|
| NOME DA ROMARÍA | | IMAXE |
| SANTO/A | | |
| LUGAR | | |
| PARROQUIA | | |
| CONCELLO | | |
| PROVINCIA | | |
| DATA DA FESTA | | |
| ORIXE E HISTORIA | | |
| QUEN SE OFRECE | | |
| COMO SE CELEBRA | | |
| ESTILO ARTÍSTICO DO TEMPLO | | IMAXE |

**NO RECANTO DA REDE**

http://www.turgalicia.es/portada-de-santuarios-maxicos
http://lugaresmagicosdegalicia.blogspot.com